



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Don Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.-

O pasado 30 de outubro de 2020 aprobáronse, por decreto de Alcaldía nº 188/2020, as Bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Negreira adherido ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia. Dita convocatoria foi publicada no BOP nº 190 de data 10 de novembro de 2020.

Este fondo, impulsado desde o Plan de Emprego Local (PEL), ten como principal obxectivo dotar ós concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia dos recursos necesarios para mitigar os efectos negativos que a pandemia ocasionou no seu tecido empresarial local.

No BOP nº128 do 12 de agosto de 2020, apróbase o montante do fondo tendo en conta os habitantes, o número de autónomos e o número de microempresas establecidas en cada concello.

Trala apertura desta convocatoria por parte do Concello, así como da valoración das solicitudes, ditouse resolución provisional, mediante decreto de alcaldía nº 219/2020, de data 23 de decembro de 2020, e na mesma resolución outorgábase ós solicitantes un prazo de 10 días hábiles ao efecto de desistir ou presentar alegacións, facéndose constar tamén que a devandita resolución provisional non creaba ningún dereito a favor dos beneficiarios.

Tras desta resolución provisional, e tendo en conta o prazo establecido para as alegacións, o 1 de febreiro de 2021 ditouse decreto de alcaldía nº 11/2021 de concesión definitiva. No devandito decreto definitivo establecíase a lista de beneficiarios por orde de grupo e a puntuación acadada tendo en conta os criterios de valoración establecidos na base sexta das devanditas bases, e que recibirían achega económica por encontrarse dentro do fondo de financiamento establecido.

Neste decreto non se establecía unha lista de reserva, senón que se publicaban os beneficiarios definitivos por orde de preferencia e clasificados en tres grupos, tal e como se establecía no BOP nº 128 do 12 de agosto, así como a orde de puntuación dentro de cada grupo. Estas bases específicas establecían como prioritarios ao Grupo I (beneficiarios que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020 do 14 de marzo), logo deste ao Grupo II (beneficiarios que acreditasen unha redución dos ingresos no segundo trimestre fiscal do ano 2020 igual ou superior ó 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma), e finalmente ao Grupo III (beneficiarios que se viron obrigados a acollerse a un ERTE). Ditouse resolución de pago aos beneficiarios con data do 29/04/2021.

Unha vez publicado este decreto definitivo procedeuse a notificar a concesión a cada beneficiario, tendo en conta o gasto que xustificaron no período establecido para elo. En total concedeuse subvención, por existir fondo e por xustificar correctamente o gasto en prazo e forma, a 64 beneficiarios, todos eles pertencentes ao Grupo I. Quedaron desestimados expresamente por esgotamento de crédito no fondo de financiamento 45 candidatos, e quedaron excluídos definitivamente do proceso e do fondo 17 solicitudes por causas diversas.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Dada a necesidade percibida de continuar coa asistencia económica ás pequenas empresas e profesionais afectados pola pandemia, este Concello ten a intención de convocar unha axuda extraordinaria que se destinará integramente aos candidatos que quedaron privados de percibir axudas por esgotamento do crédito orzamentario. Con ese fin, na sesión do Pleno de data 13 de setembro de 2021 aprobouse unha modificación orzamentaria, baixo a forma de crédito extraordinario, que entre outras aplicacións afectaba á que ten o código 430-489.00, e que se destinaba na súa totalidade ao financiamento desta nova axuda. Non téndose presentado alegacións contra a modificación citada, entra en vigor o día 9 de novembro de 2021, coa publicación da mesma no BOP nº 213.

Tendo presente o anterior, e en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria dunha axuda, nos mesmos termos e coas mesmas condicións que a concedida, con carácter definitivo, o 1 de febreiro de 2021 por medio de decreto de alcaldía nº 11/2021, e financiada con cargo á partida 430-489.00, cun crédito total de 83.000,00 €. Esta axuda se destinará a sufragar os gastos xustificadas polos beneficiarios que figuran no Anexo II do decreto nº 11/2021 do 1 de febreiro como “solicitudes desestimadas expresamente por esgotamento de crédito no fondo de financiamento dispoñible”

Segundo.- As 45 solicitudes pendentes, que figuran no Anexo II como desestimadas, non serán valoradas de novo, xa que están clasificadas por grupos e por puntuación tal e como establecía o BOP Nº 123 do 5 de agosto de 2020 na norma 18 da Base 6.^a–Procedemento de Concesión. A relación establecida entre elas mantense en cada grupo tal e como se detalla no Anexo I que acompaña este decreto.

Terceiro.- As 17 solicitudes establecidas no decreto de alcaldía nº11/2021 como “excluídas” por non cumprir requisitos, seguen estando nese estado, xa que non cumpren os requisitos establecidos na norma reguladora.

Cuarto.- Este decreto aproba as mesmas Bases que no seu día se adheriu o Concello ás publicadas pola Deputación da Coruña, e establece os mesmos criterios de valoración, xustificación e procedemento que as referidas Bases, sendo en concreto os da Base 6.^a da norma 18 das bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia. Os criterios establecidos para a fase de xustificación da achega serán os mesmos que se adoptaron nas resolucións dos beneficiarios anteriores, coa excepción do prazo de xustificación, que se fixa ata o 30 de decembro de 2021.

Quinto.- Este decreto inclúe a relación ordenada de tódalas solicitudes que quedaron desestimadas por esgotamento de crédito no fondo de financiamento establecido pola Deputación Provincial o 1 de febreiro de 2021, que cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas non deron lugar á concesión de axuda por esgotamento do crédito existente nese momento. Existindo partida



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

orzamentaria adecuada e suficiente, así como informe favorable do interventor municipal de data 22 de novembro de 2021, procédese a notificar aos interesados e abrir prazo de xustificación de gasto aos 45 beneficiarios que figuran no Anexo I deste decreto.

Sexto.- A xustificación da axuda deberá acadar o importe correspondente á suma da achega concedida a cada beneficiario polo Concello de Negreira. No caso de que o importe dos pagos xustificadas sexa inferior á cantidade asignada polo concello, a achega municipal reducirase proporcionalmente ata o importe efectivamente xustificado. No caso de que o importe xustificado exceda do concedido, tan só se efectuara o pago polo importe concedido.

Sétimo.- O prazo para xustificar os conceptos de gasto subvencionados terá de data máxima o **30 de Decembro de 2021**. Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña aquelas actividades que estean dentro dos seguintes conceptos de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo *O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
622	Reparación e conservación Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

****O IVE non se considera en ningún caso gasto subvencionable.****

Oitavo.- O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, que abarca dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro do 2020, ámbolos dous días incluídos. No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria. O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

Noveno.- Tal e como establecían as bases, os beneficiarios estaban obrigados a permanecer de alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por conta propia ou de Autónomos, ou ben no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, e a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable, sendo o mesmo ata o 31 de marzo de 2021. Así mesmo, deberán cumprir coas obrigas referidas na base 14ª da norma 18 das bases específicas reguladoras do PEL – Reactiva publicadas no BOP N°123 do 5 de agosto, xa que este decreto acollese a mesma normativa para a súa concesión.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Décimo.- A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito á mesma ou á modificación na resolución, así como ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ó establecido na Lei 38/ 2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orden puidesen derivarse.

Décimo Primeiro.- Todas as alegacións presentadas no prazo outorgado ao efecto serán examinadas e resoltas pola Comisión de Valoración e notificadas ós interesados/as. Así mesmo esta alcaldía será informada de tódolos trámites, contidos e resolución correspondentes ás citadas alegacións, ratificándose en cada unha das resolucións asinada e notificadas pola devandita comisión, salvo decisión en contra expresa.

Décimo Segundo.- Non poderán ser beneficiarios desta convocatoria todos aqueles autónomos ou sociedades que, estando na listaxe de “desestimados por esgotamento de crédito” no decreto definitivo do 1 de febreiro de 2021, foron beneficiarios das axudas establecidas pola Deputación Provincial da Coruña na convocatoria publicada o martes 20 de abril de 2021, mediante Resolución de Presidencia nº 2021/13902 do 9 de abril de 2021 do programa PEL-REACTIVA: PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO Á HOSTELERÍA E AXENCIAS DE VIAXES do BOP nº 72, co fin de evitar unha duplicidade de subvencións para o mesmo fin. Para a comprobación farase unha consulta á Deputación Provincial de A Coruña, onde se solicitará a lista de beneficiarios da citada convocatoria, indicándose que o beneficiario que percibira axudas por parte da Deputación quedará excluído automaticamente da subvención municipal.

Décimo Terceiro.- Unha vez comprobada a documentación presentada polos beneficiarios procederase a notificar por Resolución a aprobación do pagamento da mesma. Calquera documentación incompleta ou non presentada será requirida polo Concello aos beneficiarios, que terán a obrigaón de subsanar dito requirimento no prazo de 10 días hábiles a contar dende que se abre a notificación.

Décimo Cuarto.- O presente decreto publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, notificarase aos/as beneficiarios/as e procederase a súa publicación na paxina web do Concello de Negreira (www.concellodenegreira.gal)

En Negreira, á data que figura na sinatura electrónica ao marxe
O alcalde.- Manuel Ángel Leis Míguez



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

ANEXO I.- Lista de candidatos que quedaron desestimados por esgotamento de crédito no fondo de financiamento dispoñible na convocatoria publicada por decreto nº11/2021 o 1 de febreiro de 2021 e creada o 30 de outubro de 2021 tras a adhesión do Concello de Negreira ó Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña

GRUPO I

RAZÓN SOCIAL	DNI/NIE/CIF	PUNTOS TOTAIS	CONTÍA SUBVENCIONABLE
C.A.M	*****941K	7	1.500,00 €
B.L.M	*****455W	7	1.500,00 €
G.E.V	*****602V	7	1.500,00 €
A.S.M	*****557C	7	1.500,00 €
V.L.M	*****253Y	7	1.500,00 €
L.T.B	*****029F	7	1.500,00 €
D.C	*****557K	7	1.500,00 €
S.R.J	*****145B	7	1.500,00 €
D.C.D	*****398D	7	1.500,00 €
P.B.A	*****375B	7	1.500,00 €
P.B.J	*****459G	7	1.500,00 €
L.F.Á	*****978V	7	1.500,00 €
P.P.M	*****165G	7	1.500,00 €
N.P.L	*****381B	7	1.500,00 €
C.S.E	*****254Z	7	1.500,00 €
A.L.J	*****929J	7	1.500,00 €
T.G.B	*****833X	7	1.500,00 €

GRUPO II

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF	PUNTOS TOTAIS	CONTÍA SUBVENCIONABLE
L.G.A	*****1772	13	1.500,00 €
O.G.P	*****9879	13	1.500,00 €
M.M.H	*****360N	7	1.500,00 €
R.G.M	*****440L	7	1.500,00 €
N.T.J	*****733R	7	1.500,00 €
B.N.M	*****735A	7	1.500,00 €
R.L.P	*****903H	7	1.500,00 €
B.V.M	*****197L	7	1.500,00 €
L.P.A	*****799L	7	1.500,00 €
P.S.D	*****418Q	7	1.500,00 €
V.C.M	*****545C	7	1.500,00 €



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

GRUPO III

RAZÓN SOCIAL	NIF/NIE/CIF	PUNTOS TOTAIS	CONTÍA SUBVENCIONABLE
G.E.N	*****0426	22	2.500,00 €
F.S.C	*****1064	22	2.500,00 €
M.F.A	*****922Z	20	3.000,00 €
C.S.	*****0707	19	2.500,00 €
T.C.S	*****5341	19	2.500,00 €
A.B.S	*****9089	19	2.500,00 €
H.F.L	*****4253	17	2.000,00 €
D.S.S	*****3436	17	2.000,00 €
V.B.F	*****4002	17	2.000,00 €
T.Y.G	*****1698	16	2.500,00 €
R.S.X	*****3193	16	2.500,00 €
T.R.G	*****8373	16	2.500,00 €
T.S.M	*****8399	16	2.500,00 €
A.R.C	*****305Q	13	2.500,00 €
F.C.R	*****192W	13	2.500,00 €
L.A.M	*****297Z	11	2.000,00 €
A.B.R	*****852P	10	2.500,00 €